

## MEMORIA FIN DE CURSO 6º E.P.

### 1.- ESPAZO

A aula de sexto está situada no anexo de nova construción, polo que resulta pequena para un grupo de 25 alumnos en pleno desenvolvemento físico. Está dotada do mobiliario pertinente, carro de carga para ordenadores de alumnado, EDI, encerado branco. Os materiais auxiliares (mapas, cartaces...) atópanse no espazo de almacenamento para primaria, xa que na aula non collen.

### 2.- ACTIVIDADES ( Proxectos, titoriais, materiais creados, investigacións, ligazóns a traballos,...)

O alumnado participou en todas as actividades propostas polo centro, ben dende a biblioteca ou ben nas incluídas no currículo. A maiores, desenvóléronse actividades propias na aula, como:

- ✓ Obradoiros *Te lo cuentan las matemáticas* ( en colaboración coa UVigo)
- ✓ Obradoiro de regueifas.
- ✓ Obradoiro de prevención da drogadicción.
- ✓ Programa Prensa Escola da *Voz de Galicia*

#### **PROXECTOS:**

INVESTIGAMOS SOBRE O ÁRTICO: Proxecto de traballo no que dadas unhas pautas, vídeos e bibliografía se propuxo unha investigación sobre a vida no Ártico, tendo en conta os grupos humanos, a botánica e a zoolóxica. *Con caderniño de traballo.*

SON COMPETENTE NO FOGAR: Proxecto de traballo implementado na materia "Proxecto Competencial" no que se estableceron dúas áreas por trimestre:

HIXIENE: Proxecto de traballo individual no que demostrar a competencia para fregar un cuarto de baño. *Elaboración dun tríptico cos pasos e produtos.*

ALIMENTACIÓN: Proxecto de traballo individual, desenvolvido con apoio familiar, para demostrar a competencia á hora de elaborar unha tortilla de patacas. *Elaboración dunha páxina de receita.*

ORGANIZACIÓN: Proxecto de traballo individual no que había que demostrar que sabemos que facer dende que a roupa está sucia ata que volve ao armario limpa (lavar, colgar, repasar, dobrar e gardar). *Elaboración de instrucións.*

ARRANXOS: Proxecto de traballo individual , no que seguindo as pautas dadas, tiñan que demostrar a súa competencia para facer pequenos arranxos eléctricos no fogar (unir cables e poñer chave de luz nunha lámpada). *Con caderniño de traballo.*

MASCOTAS: Proxecto de traballo individual no que demostrar a competencia no coidado dunha mascota. *Elaboración dun álbum de mascotas.*

XESTIÖN: Proxecto de traballo colectivo no que aprender a interpretar facturas correntes (luz, gas, lixo...)

OBRADOIRO DE COCIÑA: Proxecto de traballo no centro no que cociñamos chulas de calacú, adaptando as cantidades da receita orixinal ao número de comensais da aula.

**TITORIAIS:** Elaboración de instrucións nun tríptico:

- ✓ Como fregar un baño.
- ✓ Como cociñar unha tortilla.

**INVESTIGACIÖNS:**

- ✓ Grupos humanos do Ártico: investigamos sobre os diferentes grupos humanos que viven no Ártico e mailas súas similitudes e diferenzas. *Con caderniño de traballo.*

- ✓ Ecosistemas: investigamos sobre ecosistemas árticos do mundo e creamos un iglú con oveiras de cartón, que pasou a formar parte dunha paisaxe ártica exposta no corredor.

### 3.- RECURSOS

Na aula elaboráronse diferentes materiais de traballo adaptados á cada proposta de traballo; así, por exemplo creáronse caderniños de traballo para cada un dos proxectos. Tamén foi elaborado un *Cuaderno de Prensa* por equipo, no que se recolleu o traballo desenvolvido co xornal durante o curso.

### 4.- CURRÍCULO

Polo que atinxe ao desenvolvemento do currículo, este foi tido en conta en todo momento, tomando como guía o establecido na LOMLOE, xa que neste nivel entrou en vigor a devandita lei.

A metodoloxía empregada baséase no traballo cooperativo; deste xeito, a avaliación do proceso de aprendizaxe non recae exclusivamente na titora: o alumnado auto avalíase e avalía o traballo dos demais equipos.

A meirande parte das tarefas complementarias propostas encádranse dentro do PDI de centro.

A evolución académica do alumnado foi satisfactoria, se ben cómpre sinalar que dispuxemos do apoio dunha mestra do programa PROA que foi altamente beneficioso para o alumnado con dificultades. Contamos tamén coa axuda puntual da mestra especialista en PT, axuda que resultou, tamén, beneficiosa.

## 5.- PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO

Coma sempre, o alumnado participou activa e masivamente nas propostas de aula así como nas propostas do centro ou da biblioteca. Cabe salientar que sempre hai algún alumn@ que non o fai. Son casos contados, pero existen. Ao entender da titora non é tanto por desinterese do alumnado, como por desleixo das familias. Se as familias non se implican debidamente, isto leva a que eses alumn@s non participen sempre nas actividades propostas, quedando "descolgad@s" cando se corrixe o traballo ou se comentan as conclusións na aula.

A modo de exemplo, sinalar que son os "*Traballos en familia*" os que se ven sinalados por esta falta de compromiso das familias, supoñendo un atranco no desenvolvemento rutineiro da aula.

## 6.- PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E IMPLICACIÓN NO PROCESO DE APRENDIZAXE DO ALUMNADO

En xeral, as familias implícanse no proceso de aprendizaxe do alumnado, colaboran, na súa meirande parte, nos traballos propostos, asisten ás xuntanzas de titoría cando son convocadas e participan nas actividades e conmemoracións propostas polo centro.

Con todo, sempre hai excepcións, como xa se salientou no epígrafe anterior.

## 6.- COORDINACIÓN DO PROFESORADO

En liñas xerais, a coordinación entre o profesorado é excelente. O feito de ser centro dunha liña facilita este aspecto.

Destacar a boa coordinación do profesorado de ciclo para o desenvolvemento de actividades comúns, así como a coordinación coa encargada da biblioteca escolar para o desenvolvemento de eventos.

Os Equipos *Extra-Dina* e *Biblio-Tic*, funcionan razoablemente ben pero poderían mellorar a súa coordinación entre si.

## **7.- ANÁLISE DOS RESULTADOS**

En xeral, e logo dunha concienciada reflexión, atópase que os resultados son bos. Evidentemente, hai marxe de mellora, pero as expectativas creadas ao inicio do curso, víronse completadas.

## **8.-DIFICULTADES ATOPADAS**

As maiores dificultades atopadas, veñen, coma sempre, da falta de mantemento, seguimento e atención aos medios tecnolóxicos: carro de carga estragado durante semanas, ordenadores que non funcionan, canón que non cumpre a súa función... isto resulta extremadamente grave cando se fala dun nivel Edixgal, xa que o mal funcionamento dos medios, deixa ao alumnado e mailo profesorado orfo de recursos; orfandade que se suple con boa vontade e esforzo por parte do centro. A administración debería tomar apuntamento e implicarse máis neste asunto.

## **9.-PROPOSTAS PARA O VINDEIRO CURSO**

Dende a aula de 6º propónse unha maior racionalización dos eventos, conmemoracións e saídas didácticas, xa que a elevada cantidade das mesmas, atorda e dificulta as actividades de aula.

**10.-MATERIAIS PRECISOS PARA UN BO DESENVOLVIMENTO DO CURSO.**